

D./Dña. \_\_\_\_\_, con DNI/NIE \_\_\_\_\_ e enderezo \_\_\_\_\_ no concello de \_\_\_\_\_ con teléfono de contacto \_\_\_\_\_ en calidade de persoa participante nalgunha das actuacións da Estratexia de inclusión social de Galicia ou, no seu caso, de representante legal ou voluntario de \_\_\_\_\_, con DNI/NIE \_\_\_\_\_ e aos efectos do establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos - RXP) mediante a firma do presente documento, e de acordo coas condicións e termos sinalados a continuación DECLARA SER INFORMADO/A DE

- que os seus datos persoais, incluídos no seu caso, os relativos ás categorías especiais definidas no artigo 9.1 do RXP (entre outros, datos que revelen a orixe étnica ou racial; datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca a unha persoa; datos relativos á saúde ou datos relativos á vida ou orientación sexual; ademais dos datos derivados de actos de violencia de xénero) serán tratados pola Xunta de Galicia - Consellería de Política Social, na súa condición de responsable, coa finalidade de levar a cabo a xestión dos servizos sociais, a súa incorporación á Historia Social Única Electrónica, e o desenvolvemento do seu itinerario personalizado de inclusión sociolaboral.
- que a base lexitimadora do tratamento dos datos é a prestación de asistencia de tipo social e a xestión de sistemas e servizos de asistencia social segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e o *DECRETO 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.*
- que os datos persoais, de ser estritamente necesario, poderán ser comunicados aos organismos cofinanciadores dos referidos programas de integración social (Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos e órganos de xestión de fondos da Unión Europea) co fin de dar correcta xustificación das accións obxecto de financiación.
- que de acordo co previsto na lexislación sectorial vixente, os diferentes órganos, entidades e organismos integrados do sistema galego de servizos sociais poderán comunicarse aqueles datos persoais cuxo coñecemento sexa necesario para o exercicio das funcións e labores respectivamente atribuídos, aos efectos de acadar un cumprimento óptimo dos obxectivos establecidos no seu itinerario personalizado de inclusión sociolaboral ou formativo.
- que os datos persoais que poida achegar en calquera momento, ao longo do seu itinerario de inclusión sociolaboral, poderán ser verificados ou cotexados á fin de comprobar a súa exactitude e veracidade con calquera outros dos que as Administracións Públicas dispoñan.
- que poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>
- que poderá atopar información máis detallada relativa ao tratamento dos datos persoais, incluíndo o contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Sinatura